



Texto: Herman Melville
Ilustracións: Javier Vidal Aguilera
Tradución: Xosé Duncan
Idioma: Galego
Encadernación: Rústica con solapas
IBIC: FC
Medidas: 14 x 24 cm
Páxinas: 146
ISBN: 978-84-10049-21-5
PVP: 18,50 €

FICHA DIDÁCTICA *BILLY BUDD*

Estamos ante a derradeira novela escrita por Herman Melville, que non se publicaría até trinta anos despois da súa morte. A acción ten lugar a finais do século XVIII, cando o lume da Revolución Francesa se espallou polos mares e levou a enfrontárense a dúas das grandes armadas da historia, Francia e Gran Bretaña. No medio desta guerra, un gaviro é recrutado á forza por un buque británico. A inocencia, beleza e bondade do mozo non son ben recibidas entre os demais mariños.

Antes da lectura...

- Poñer en situación o momento histórico, falando da **Revolución Francesa** e as **guerras napoleónicas**. Cando tiveron lugar? Quen estivo implicado?
- Presentar a **Herman Melville como autor** e nomear as súas obras máis famosas. Que saben de *Moby Dick*? Alguén leu ese ou outro libro seu?
- Explicar en que consiste o **simbolismo** na literatura e repasar cales son as **principais diferenzas entre o Romanticismo e o Realismo**.
- Reflexionar sobre **como eran as viaxes en barco antes do vapor e as máquinas**. Que tipo de traballos implicaba isto para a tripulación dun navío? Como se imaxinan que era a vida a bordo?



Despois da lectura...

- De onde cres que provén o odio de Claggart por Billy?
- A novela propón un dilema sobre os límites da lei e a xustiza. Cres que o Capitán Vere fixo ben en seguir a lei e condenar a Billy? Que opinas dos argumentos que se usaron no xuízo? Cres que hai veces en que unha lei pode non ser xusta?
- A miúdo diferenciamos os personaxes entre bos e malos, mais a realidade é que as persoas son máis difíciles de cualificar. Que outros exemplos de personaxes complexos (da literatura, cinema...) se che ocorren?
- Confinados nun barco e afastados de todo contacto cos demais, o escenario de Billy Budd é unha representación en miniatura da sociedade. Que semellanzas ves coa de hoxe en día?
- A narración da novela vai mudando entre descricións detalladas das personaxes, reflexións e diferentes puntos de vista. Que che pareceu o estilo? Supuxo algún reto para ti?

